



Concello de Pedrafita do Cebreiro

Dona Lucía López López, Secretaria - Interventora accidental do Concello de Pedrafita do Cebreiro (Lugo),

CERTIFICA:

Que en data 07.06.2018, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, adoptou o seguinte acordo extraído literalmente do borrador da acta de dita sesión e que dí:

“PUNTO CUARTO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS XEFES DE BRIGADAS MUNICIPAIS

Visto o Convenio de Colaboración asinado entre o Concello de Pedrafita do Cebreiro e a Consellería do Medio Rural e do Mar para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, destinado a subvencionar o funcionamento de dúas brigadas efectivas compostas cada unha delas por 5 membros por xornada de traballo, actuando un deles como responsable e coordinador do funcionamento das mesmas para establecer as relacións operativas e de comunicación co Distrito Forestal ao que pertenza o Concello.

Visto o disposto na Lei 3/2017, do 28 de xuño de 2017, da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 (prorrogado para o ano 2018) , BOE nº 153 do 28 de xuño de 2017, onde no artigo 19. Dous di: "Non se poderá proceder á contratación de persoal temporal, así como ó nomeamento de persoal estatutario temporal y de funcionarios interinos excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.".Acreditadas estas circunstancias:

a) Caso excepcional.

A excepcionalidade deriva da adopción dunha serie de medidas preventivas para velar pola protección das persoas e dos bens e que polo tanto, pola prioridade do servizo e das funcións a realizar, faise necesario o devandito servizo.

b) Necesidades urxentes e inaprazables.

O largo dos últimos anos, estamos asistindo a unha crecente proliferación de incendios forestais, afectando a terreos forestais e a núcleos de poboación habitados.

As causas que orixinan os fogos veñen derivadas do progresivo despoboamento, do abandono das terras e dos cambios de cultivo, e onde os terreos do monte constitúen máis do 65% da superficie de Galicia e onde están integrados 315 municipios con 31.550 núcleos de poboación , máis do 90% dos mesmos cunha poboación inferior os 500 habitantes.

Os meses de xullo, agosto, setembro e outubro son os de maior nivel de risco de incendios forestais e nas que se producen situacións de emerxencia que en moitas ocasións requiren de unha intervención rápida para que non se derive unha situación de catástrofe.

Este concello non conta con persoal especializado para realizar as labores de prevención e extinción de incendios forestais e loita contra incendios forestais.

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

c) **Servizos públicos esenciais.**

Non cabe dúbida que os servizos afectados por este Convenio son servizos públicos esenciais e que coa prestación do servizo se vai velar pola protección das persoas, dos bens e do patrimonio colectivo ou ambiental.

Sendo necesario que o xefe da brigada estea en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico Superior en xestión e organización e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente. Ademais terá carné de conducir B.

ACORDO:

Primeiro: Realizar unha convocatoria para a contratación de dous Xefes de Brigadas Municipais, persoal laboral temporal, polo sistema de concurso - oposición.

Segundo.- Aprobar as bases que rexerán a convocatoria para a contratación temporal mediante contrato laboral de dous Xefes de Brigadas Municipais, co contido seguinte:

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS XEFES DE BRIGADAS MUNICIPAIS.

OBJECTO DA CONVOCATORIA

Convócanse probas selectivas mediante concurso- oposición para cubrir con carácter temporal de dúas prazas de Xefes de Brigadas municipais cunha duración de tres meses desde a sinatura do contrato laboral.

O/a aspirante que obteña a praza deberá desempeñar as súas funcións no horario establecido, cunha xornada de 40 horas semanais, e quedará sometido ao sistema de incompatibilidades vixentes.

A realización destas probas rexeráse polo previsto nestas Bases e, no seu defecto, estarase ao establecido no Real Decreto 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; a Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública Local; Real Decreto 896/91, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local; Real Decreto 364/95, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso de Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional de Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, o RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público. (TEEBEP), o Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Estatuto dos Traballadores e por calquera outras disposicións aplicables.

2. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1.- Para ser admitidos á realización destas probas selectivas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Tela nacionalidade española. Tamén poderán participar os nacionais dos

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

Estados Membros da Unión Europea, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados Membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinteún anos ou maiores de dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os estranxeiros con residencia legal en España.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión (ou en condición de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) da titulación de Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico Superior en Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos, Técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente.

d) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de minusvalía e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

e) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso ao Corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou incapacidade conforme á normativa vixente.

g) Ademais, se require posuír carné de conducir B .

2.- Os requisitos enumerados na presente Base deberán reunirse no día da finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse no momento da contratación.

3. SOLICITUDES.

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

Quen desexe tomar parte neste proceso selectivo deberá presentar instancia mediante o modelo que figura no anexo I das presentes bases, dirixido ao Sr. Alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro ou a través de calquera dos medios que prevé na Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións Públicas, no seu artigo 16, no prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro, será necesario adiantala por fax (Fax nº 982367150), antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

Os/as candidatos/as presentarán a seguinte documentación:

- .- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, compulsada por ámbalas caras.
- .- Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- .- Fotocopia compulsada do carné de conducir.
- .- Os documentos acreditativos dos méritos que se aleguen para a fase de concurso.

4. PUBLICIDADE.

O anuncio de convocatoria farase público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. A data da súa publicación será a que serva para computar o prazo para a presentación de solicitudes. Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Pedrafita do Cebreiro. Unha vez publicado o anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, as bases estarán a disposición de calquera interesado.

As bases publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Pedrafita do Cebreiro e na páxina web www.concellodepedrafita.es.

5. ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.

1 Rematado o prazo para presentalas instancias, ao día seguinte o Alcalde ditará resolución que conterà:

- a lista provisional de admitidos e excluídos coa especificación do motivo da exclusión.
- a designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución
- a data, hora e lugar en que se realizará a valoración de méritos.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello.

2 Durante os tres días seguintes á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, poderase solicitar a subsanación de erros e presentar reclamacións á lista provisional. Quen non presentara a solicitude de subsanación ou reclamación no prazo indicado, decaerá do seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

automaticamente.

3 Transcorrido o prazo de subsanación, as reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rechazadas mediante resolución pública de Alcaldía, no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4 Porén, se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, esta considerárase defecto insubsanable e a alcaldía resolverá dita exclusión.

6. SISTEMA DE SELECCIÓN.

1.- O sistema de selección será o **CONCURSO- OPOSICIÓN**.

FASE DE CONCURSO.

O Tribunal terá en conta os méritos alegados e acreditados, de acordo co seguinte baremo:

1. Titulacións académicas (máximo 1,00 punto).

Por títulos académicos relacionados co posto de traballo ao que se opta, de igual ou superior nivel ao esixido para o desempeño do citado posto, distinto do acreditado para o acceso ao posto, a razón de un punto por titulación académica.

Se presentará copia compulsada do título ou resguardo de abonarse os dereitos pola súa expedición

2. Cursos e outras actividades de formación e perfeccionamento (máximo 2,00 puntos).

Valorarase a participación e aproveitamento en actividades de formación e/ou perfeccionamento relacionadas co posto a desempeñar segundo o criterio do Tribunal Cualificador.

- Cursos de duración igual ou inferior a 10 horas ou duración non acreditada: 0,15 puntos por cada un.
- Cursos de máis de 10 horas e ata 50 horas: 0,25 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 51 horas e ata 100 horas: 0,50 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 100 horas e ata 300 horas: 1,00 puntos por cada un.
- Curso de mais de 300 horas: 1,50 puntos cada un.

A formación acreditarase mediante certificados ou diplomas de asistencia e programa oficial con indicación do número de horas lectivas, acreditativos dos cursos ou outras accións formativas realizadas.

3. Idioma galego. máximo 1,00 punto)

O coñecemento do idioma galego puntuarase do seguinte xeito:

- Celga 3, curso de iniciación, a súa validación, a proba libre de iniciación, curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros, 1º curso Escola Oficial de

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

Idiomas: 0,50 puntos.

- Celga 4, curso de perfeccionamento da lingua galega, a súa validación, curso básico de linguaxe administrativa galega, curso básico de linguaxe xurídica galega e curso de nivel medio de lingua e cultura galega para estranxeiros, 1º e 2º e 3º curso da escola oficial de idiomas: 1 punto.

Non poderán, en ningún caso, acumularse as puntuacións polos distintos cursos; en consecuencia só se puntuará polo curso de nivel superior.

Só se lle concederá validez, para acreditar o idioma galego, os cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

4 Experiencia profesional (máximo 2,00 puntos)

- Servizo prestado en praza análoga en Concellos ou noutras AAPP..... 0,15 puntos por mes completo.
- Servizo prestado en praza análoga en empresas privadas.....0,05 puntos por mes completo.

Deberán acreditarse mediante contrato de traballo e informe de vida laboral, debendo así mesmo aportarse cantos documentos xustifiquen a efectiva prestación de tales funcións.

FASE DE OPOSICIÓN

Os aspirantes concorrerán provistos do seu DNI e bolígrafo, e serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da selección os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal. Cando proceda, a orde de actuación dos aspirantes será alfabético comezando pola letra A do primeiro apelido. Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos aspirantes, membros do Órgano de selección e os colaboradores designados por este.

- De carácter obrigatorio e eliminatorio, que consistirá na contestación por escrito, nun tempo máximo de corenta e cinco minutos dun cuestionario tipo test de 20 preguntas, relacionadas coas materias contidas no programa que figura no ANEXO II. Das preguntas, con respostas alternativas elixirase unha como resposta. O exercicio puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para a súa superación un mínimo de 5 puntos.

7. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP e estará integrado por 3 membros, designados mediante Decreto de Alcaldía.

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos Tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe o Sr. Alcalde,

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros e sempre a do Presidente e o Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 do 01 de outubro.

Os acordos serán adoptados por maioría dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do/a Presidente/a.

O tribunal está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle ao Presidente cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no art. 24 da Lei 40/2015.

8. PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E LISTAXE DE RESERVA.

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios a puntuación total do proceso selectivo.

A puntuación total determinará a orde de clasificación definitiva e, polo tanto, a proposta do Tribunal a favor do/a aspirante que maior puntuación final obtivera por dita orde, non podendo declarar que superou a selección un número de aspirantes superior ao do posto convocado.

Formarase unha lista de emprego de aspirantes de reserva de acordo coa puntuación obtida, para cubrir as posibles baixas xurdidas durante o período de contratación.

9. APORTACIÓN DE DOCUMENTOS.

O/a aspirante proposto/a presentará na Secretaría do Concello, aos dous días hábiles seguintes ao da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

- a) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas
- b) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

10. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Presentada a documentación sinalada no apartado anterior o Presidente da Corporación, fará o nomeamento e formalizará o contrato a favor da persoa proposta polo Tribunal sempre é cando os candidatos obteñan un resultado favorable na proba de esforzo e unha revisión médica que o acredite apto para este tipo de traballo antes da súa contratación.

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

11. NORMA FINAL

O Tribunal queda facultado para interpretar as Bases da Convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, en concordancia coa Lei de Xurisdición Contencioso – Administrativo

ANEXO 1 - MODELO DE INSTANCIA

D/a _____
provisto/a de DNI nº _____ con domicilio en _____
CP _____ Municipio _____ Provincia _____
Teléfono _____ Correo electrónico _____

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Pedrafita do Cebreiro para a contratación de dous Xefes de Brigadas Municipais.

DECLARO:

Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria

Solicito ser admitido/a ao referido concurso- oposición e comprométome a someterme ás bases que o regulan.

Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño do posto de traballo. Así mesmo, declaro que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

En Pedrafita do Cebreiro, de de 2018

Asinado

O/A INTERESADO/A

SR ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO.”

ANEXO 2.- TEMARIO

1.- Clases de fogos forestais. Partes dun incendio. Comportamento dos incendios segundo os modelos de combustible. Influencia da orografía e meteoroloxía no comportamento dun incendio.

2.- O caso do contrafogo. Protocolo de actuación en caso dun incendio forestal.

3.- Seguridade nos traballos forestais, de vixilancia e de extinción.

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

4.- Técnicas de desbrozamento, tala e poda.

TERCEIRO- Publicar as presentes bases na páxina web e taboleiro de anuncios do Concello de Pedrafita do Cebreiro, a efectos de xeral coñecemento.

CUARTO.- Publicar anuncio de convocatoria do posto referido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

E para que conste aos efectos oportunos, asino o presente certificado coa salvedade a que se refire o artigo 206 do ROF, en Pedrafita do Cebreiro, na data da sinatura electrónica a marxe.

O alcalde presidente

A secretaria interventora accidental

Asdo.: José Luís Raposo Magdalena

Asdo.: Lucía López López